

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15008805	CEIP de Melide Nº 1	Melide	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introdución

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanza de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluirá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispone que esta materia incluirase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

Esta programación está pensada para levar a cabo co alumnado de 6º de Educación Infantil do CEIP Nº 1 de Melide.

A proposta educativa desta asignatura favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticos gozando das súas manifestacións más significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1					1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descripción:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Gústame a natureza	Nesta unidade traballaremos o coidado da natureza como Creación de Deus e valores como o respecto, o diálogo, a responsabilidade e a cooperación	6	X		
2	Celebro o Nadal	Coñeceremos o significado do Nadal para os cristiáns. Traballaremos valores persoais como a solidariedade, o compartir e a colaboración.	8	X		
3	Meu amigo Xesús	Identificamos a Xesús como un gran amigo, que se fai home e vive unha familia., regálamos a súa amizade e sempre nos tende a súa man.	5		X	
4	Unha semana para lembrar	Recoñeceremos a importancia da Semana Santa e a Pascua como gran celebración cristiá. Traballaremos valores como o esforzo, o compromiso e a responsabilidade	6		X	
5	A Virxe María, Nai de Xesús	Coñeceremos a figura da Virxe María como exemplo de valentía, amor e confianza para todos nós e a disponibilidade de axudar nos demás de forma altruista.	5			X
6	Unha gran familia	Valoraremos o amor de Xeús como o máis importante na Igrexa porque é o que nos une a todos os cristiáns	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Gústame a natureza	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunha atividades cotiás básicas.	TI
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producción artísticas	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	Recoñece as propias emocións	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimientos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, assertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Celebro o Nadal	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristíans e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Amosa actitudes de agradecemento cara as persoas que nos queren e nos coidan	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece algúns costumes e tradicións propias do Nadal	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús e a visita dos Magos	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escouitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia polo nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
3	Meu amigo Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respeito e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construcción dun mundo	Coñece a capacidade de Xesús para facer o ben e axudar aos demais	TI
CA1.8 - Recoñecer sentimientos e actitudes que fomenten o respeito, a compaixón e o perdón, observánndoas en personaxes de narracións bíblicas.	Valora a importancia que ten na nosa vida saber perdoar e pedir perdón	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respeito á diversidade	Recoñece o amor como o supremo valor cristiá	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Actitudes de autonomía, asertividade, respeito, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Actitudes de amabilidad, acollida e gratitud como expresión de respeito aos demais. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

UD	Título da UD	Duración
4	Unha semana para lembrar	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa unha actitude de axuda e colaboración cos compañeros/as	TI
CA1.8 - Recoñecer sentimientos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observánndoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón nos personaxes de narracións bíblicas	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada coa Semana Santa	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Coñece algúns feitos relacionados coa Semana Santa	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Aprecia o valor da amizade e do compañerismo	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, assertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, assertividade e perdón. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A oración de Xesús. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
5	A Virxe María, Nai de Xesús	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respeito e aprecio.	Coñece algunas festas en honor a María	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respeito, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Recoñece a María como nai de Xesús e dos cristiáns	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas de María	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos		
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - A figura da Virxe María. 		

UD	Título da UD	Duración
6	Unha gran familia	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira assertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construcción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes más axeitadas para a convivencia pacífica	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimientos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de assertividade e respecto.	Coñece algunha canción das aprendidas	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, assertividade, respeito, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - A vida cristiá en comunidade. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva. - Identidade cristiá e contorna social. - As oracións e prácticas cristiás más comúns na contorna social. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concreciones metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundáméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, na aprendizaxe individualizada e cooperativa, na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada , na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal.

Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión da aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacíons de aprendizaxe que recrean na aula situacíons significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacíons serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material impreso
Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témporas, papeis de cores, rotuladores...)
Monicreques
Materiais audiovisuais
Murais
Imaxes de distintas producións artísticas relacionadas co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura)

Como material impreso referímonos a fichas relacionadas co tema.

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaránse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacíons de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou perxonases dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual coa finalidade de explorar o grao de coñecemento.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na evaluación continua e observación do alumnado co fin de reconducir a súa propia aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as conductas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórarse sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algúns que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación para a paz	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a igualdade de xénero	X		X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde	X		X			
ET.4 - Educación para a sostenibilidade e a ecoloxía	X		X			
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X	X	X			X
ET.6 - Educación para a solidariedade	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Manualidades relacionadas co Advento e Nadal: coroa e calendario de advento, postais, anxos, adornos....	Realización destas actividades con distintos materiales: eva goma, cartulinas,material de refugallo, papeis de cores,.....			
Aprendemos e cantamos panxoliñas	Recollida de panxoliñas da zona e de canto de Reis			
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.			
Dramatización de relatos bíblicos	Representación de parábolas			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Tento facer as clases amenas e motivadoras
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Emprego de ferramentas TIC
Adapto as actividades á diversidade da aula

Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos

Avalío constantemente a mina propia práctica docente

Descripción:

A avaliación é un elemento esencial no proceso de ensinanza-aprendizaxe e debe aplicarse tanto na aprendizaxe dos alumnos coma na revisión da práctica docente. Recoller sistemáticamente información relevante sobre a nosa práctica docente permítenos reaxustar a intervención educativa de acordo coas aprendizaxes reais do alumnado. A finalidade non é outra que mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno, o funcionamento do grupo clase, a nosa propia práctica e o funcionamento do centro escolar.

Utilizaremos como ferramenta de autoavaliación docente unha lista de control de diferentes ítems. Esta lista pretende ser unha guía para revisar a nosa actividade docente e poder crear a partir das nosas repostas novas liñas de mellora cara o próximo curso. Para cumplimentar esta lista de control debemos marcar a casilla na que nos atopamos en relación o ítem exposto. Para iso dispoñemos de catro niveis de frecuencia: Nivel 1: pouco. Nivel 2: ás veces. Nivel 3: frecuentemente. Nivel 4: sempre.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Revisaremos a programación trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

- Motivación inicial do alumnado e durante todo o proceso.
- Presentación dos contenidos.
- Recursos e organización.
- Clima da aula.
- Seguimiento/control de ensino/aprendizaxe.
- Diversidade.

9. Outros apartados